



*Asociación de Empresarios da Comarca de Arzúa*

## **“SEMANA BRANCA do comercio”**

**Do 3 ao 9 de xuño de 2024**

### **BASES DE PARTICIPACIÓN:**

**1ª.** A Asociación de Empresarios da Comarca de Arzúa organiza a campaña de dinamización comercial **SEMANA BRANCA DO COMERCIO** que se celebrará **do día 3 ao 9 de xuño** nas tendas asociadas participantes do **Centro Comercial Aberto de Arzúa** en horario habitual. Estas xornadas comerciais extraordinarias teñen por obxectivo estimular as vendas da nova colección de verán. Os comercios participantes durante a campaña ofrecerán diversas vantaxes aos clientes polas súas mercas: vales desconto de agasallo para unha segunda merca, participacions en sorteos de vales de compra/premios ou promocións especiais “SEMANA BRANCA” con significativos descontos directos.

**2ª.** A entrega do vale desconto ao cliente virá condicionado polo importe mínimo de compra que estipule cada comerciante, e as diferentes porcentaxes dos vales desconto da Semana Branca para unha próxima compra serán establecidas según o criterio de cada comerciante; así pois, según sexa o volume da merca efectuada aplicarase unha porcentaxe de desconto maior ou menor a estos vales. Así mesmo, os vales desconto da SEMANA BRANCA tan só poderán ser canxeados nunha próxima merca na mesma tenda onde se obtiveron, e éstos caducarán a finais de xuño, co comezo da tempada de rebaixas de verán 2024. O listado das tendas participantes será anunciado nas redes sociais da Asociación, e as distintas promocións que ofrecerá cada tenda inscrita durante a SEMANA BRANCA poderán ser consultadas polos consumidores no blog da páxina web da AECA: [www.aecomarcadearzua.com](http://www.aecomarcadearzua.com) a partires do 1 de xuño.

**3ª.** Os comercios asociados a AECA inscritos nesta actividade estarán identificados co **cartel** da campaña exposto no escaparate, coa **decoración** temática da SEMANA BRANCA ou co **outfit do persoal**, no cal **predominará a cor branca**. AECA facilitará aos comerciantes participantes o material necesario para levar a cabo a campaña; tantos **vales desconto personalizables** como precisen para agasallar aos seus clientes, así como **cartelería** e **bolsas de papel do CCA Arzúa** para utilizar durante esta campaña comercial. Así mesmo, AECA dará **difusión á campaña** a través da radio local e serán enviadas notas de prensa a diversos medios de comunicación.

**4ª.** Os clientes, con cada merca que efectúen durante a SEMANA BRANCA do comercio **por importe superior a 25€** nalguna das tendas asociadas inscritas (só do 3 ao 9 de xuño), **obterán** unha

**participación para o gran sorteo dunha escapada á Ribeira Sacra para 2 persoas**, con estancia no Hotel Balneario Iberik Augas Santas & Golf \*\*\*\* en Pantón (Lugo), en réxime de MP e puidendo desfrutar do seu circuito termal. AECA celebrará dito sorteo o 12 de xuño de 2024, entre tódalas mercas rexistradas durante esta campaña e que cumpran coas presentes bases. O sorteo será emitido en directo a través da radio local municipal. A persoa que resulte premiada será avisada telefónicamente, para logo AECA facerlle entrega do BONO AGASALLO da escapada á Ribeira Sacra, o cal será desfrutado según a disponibilidad do hotel e da persoa premiada (o bono agasallo ten unha caducidade de 1 ano dende a súa adquisición)

**5ª.** Poderá participar neste sorteo calquera **persoa maior de idade** que rexistre unha **merca por importe superior a 25€**, en calquera comercio asociado participante na campaña. Para levar a cabo o **registro das mercas** estará disposta a **urna da AECA** no mostrador dos locais participantes, onde será depositada unha **copia do ticket de merca** no cal o cliente anotará o seu nome e un teléfono de contacto polo reverso. Se sae premiado no momento do sorteo un ticket coa data fóra do prazo establecido ou cun importe inferior ao requerido ou cos datos de contacto non lexibles, éste quedará invalidado e a man inocente procederá a sacar outro ticket. Unha mesma persoa poderá rexistrar para o sorteo tantas mercas como desexe durante a SEMANA BRANCA do comercio.

**6ª.** Será necesaria a recollida de datos persoais para levar a cabo o sorteo, e a operativa da entrega dos premios, respetando a normativa aplicable en materia de Protección de Datos de carácter persoal. Os titulares dos datos proporcionados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición remitindo un escrito acompañado dunha fotografía do seu DNI, dirixido ao CCA de Arzúa (AECA), con enderezo no Polígono Industrial de Arzúa, parcela 1, 1º. 15810 Arzúa (A Coruña), coa referencia “Protección de Datos” Sorteo SEMANA BRANCA do comercio 2024.

**7ª.** A organización de A.E.C.A. poderá tomar calquera decisión con respecto ás presentes bases de xurdir algunha dúbida ou cuestión.

**8ª.** A participación nesta campaña implica a total aceptación das presentes bases depositadas en A.E.C.A. tanto por parte dos comerciantes como dos clientes do CCA ARZÚA.

**ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DA COMARCA DE ARZÚA (A.E.C.A.)**

Polígono Industrial de Arzúa, parcela 1, 1º, 15810 Arzúa

Tel. 981 815 049 / 636 041 693

[info@aeomarcadearzua.com](mailto:info@aeomarcadearzua.com)

@aeca.aeca79